

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓNS:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. En relación coas retribucións do persoal estatutario e de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, de estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique a resposta correcta:**

- A) As retribucións complementarias non teñen como orientación prioritaria a dedicación e a calidade do servizo.
- B) O persoal sanitario poderá, en determinados casos, percibir unha participación nos ingresos normativamente atribuídos aos servizos de saúde como contraprestación de calquera servizo.
- C) As pagas extraordinarias non teñen a consideración xurídica de retribucións básicas.
- D) O complemento específico está determinado a retribuir as condicións dalgúns postos de traballo en atención á dificultade técnica.

**2. En relación coa resolución na que se publica a relación de aspirantes seleccionados nun proceso selectivo, establécese un prazo para que estes presenten a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria. Cal é o prazo de que dispoñen para presentar a referida documentación?.**

- A) Un mes.
- B) 45 días.
- C) 20 días naturais
- D) O prazo que se determine na propia resolución.

**3. O establecemento de sistemas de información sanitaria e a realización de estatísticas de interese xeral vén indicado na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, como unha competencia:**

- A) De cada comunidade autónoma.
- B) Da Administración do Estado.
- C) Conxunta da Administración do Estado e das comunidades autónomas.
- D) Dos órganos específicos creados a tal efecto, como o Instituto Nacional de Estatística.

**4. O persoal estatutario dos servizos de saúde en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:**

- A) Non percibirá trienios mentres estea nesa situación.
- B) Non percibirá retribucións e o tempo de permanencia nesa situación seralle recoñecido a efectos de trienios e carreira profesional.
- C) Na situación de excedencia non pode ser recoñecido o tempo de permanencia a efectos de trienios ou de carreira profesional.
- D) Este tipo de excedencia non poderá ter unha duración superior a 2 anos.

**5. Tendo en conta o disposto no artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando se trate de menores non incapaces nin incapacitados non cabe prestar o consentimento por substitución se o menor ten cumpridos:**

- A) 12 anos.
- B) 17 anos.
- C) 16 anos.
- D) 13 anos.

6. O artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei 1/1981, do 6 de abril, establece en relación cos produtos farmacéuticos que a competencia de Galicia é?.

- A) De desenvolvemento lexislativo e de execución da lexislación básica do Estado.
- B) De execución da lexislación do Estado.
- C) De competencia plena.
- D) De competencia exclusiva e única.

7. Cal é o número máximo de traballadores que, de acordo co establecido no artigo 30.5 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, pode ocupar un empresario que pretende asumir persoalmente a actividade preventiva?.

- A) Hasta 35 traballadores.
- B) Un máximo de 30.
- C) Ata 25 traballadores.
- D) Entre 10 e 30 traballadores.

8. O dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, segundo o establecido na Constitución española de 1978 é?.

- A) Un dereito fundamental.
- B) Unha orientación para o goberno.
- C) Un principio reitor da política económica.
- D) Unha directriz social.

9. En relación co acceso aos datos persoais por conta de terceiros, que regula o artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sinala a resposta correcta:

- A) O acceso dun terceiro aos datos cando o dito acceso sexa necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento considerárase comunicación de datos.
- B) A realización de tratamentos de datos por conta de terceiros poderá estar regulada por un contrato que pode ser verbal.
- C) As medidas de seguridade que o encargado do tratamento de datos debe implementar estipularanse nun contrato.
- D) Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal poderán ser destruídos ou devoltos ao responsable do tratamento, segundo elección do terceiro.

10. O Decreto 168/2010, do 7 de outubro, regula as estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. De acordo co disposto no artigo 1 do referido texto normativo é unha característica destas organizacións:

- A) Non teñen autonomía funcional.
- B) Xestionan unicamente os recursos, prestacións e programas da atención sanitaria especializada.
- C) Teñen personalidade xurídica propia.
- D) Son instrumentos de organización con autonomía funcional.

Preguntas de reserva

**1. As condicións de prevención e de sanción do acoso sexual establecidas nos artigos 55 a 61 e, especialmente, as prerrogativas e as funcións dos asesores ou asesoras confidenciais, conforme ao indicado no artigo 62 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.**

- A) Pódense mellorar a petición da fiscalía especial ou da Inspección de Traballo.
- B) Poderanse mellorar a través da negociación colectiva coa representación do persoal funcionario e laboral.
- C) Non se poden mellorar, salvo que o estableza unha lei.
- D) Poderanse mellorar sempre que o solicite o 55% dos empregados públicos do centro de traballo.

**2. O traslado forzoso a outra institución ou centro sen cambio de localidade con prohibición temporal, ata un máximo de dous anos de participar en procedimentos de mobilidade para reincorporarse ao centro de procedencia é unha sanción que, de acordo co artigo 73 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, de estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, so se pode impoñer como consecuencia de:**

- A) Faltas moi graves.
- B) Faltas graves.
- C) Tanto por faltas graves como moi graves.
- D) A sanción indicada non está prevista legalmente.

